

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria urxente

NÚMERO: 2018/14

DATA: martes 20 de novembro de 2018

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:05 h

HORA DE REMATE: 20:12 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacta esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

ASISTEN

BNG
TOBIAS BETANZOS REGO
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
ADELINA CES QUINTÁNS
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
RAQUEL GARCIA ABUÍN incorporase as 20:08 H.
PP
MARÍA VANESA MARTINEZ DURAN
ELISA BOUZAS VICENTE
ADELA BECERRA MAYO
ADRIÁN VIDAL IGLESIAS
PSdeG-PSOE
MARÍA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
MARTÍN COMOJO VICENTE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

AUSENTES

PP
MARÍA JESUS GALBAN TEIJEIRO
Rianxo en Común-SON
ANTONIO CASTRO CASTRO

ORDE DO DÍA

1. Ratificación da urxencia. Recibido o 08 de novembro de 2018 requirimento por parte do

Este documento electrónico asinado dixitalmente pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 89,246 exp. 2018/G010/000014

ministerio de Fomento da documentación para a solicitude de subvención do Pazo de Martelo dando 10 días hábiles para a súa remisión rematando o prazo de presentación o xoves 22 de novembro de 2018, non podendo esperar ao pleno ordinario do 29 de novembro de 2018

2 Compromiso de habilitación do crédito orzamentario necesario para a achega municipal da obra *Rehabilitación do Pazo do Martelo e ampliación dos límites cuantitativos dos gastos plurianuais para a dita actuación*

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2018/G010/000014 e identificado pola pegada dixital:

-1777178941

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA

Xustifícase a urxencia: Recibido o 08 de novembro de 2018 requirimento por parte do ministerio de Fomento da documentación para a solicitude de subvención do Pazo de Martelo dando 10 días hábiles para a súa remisión rematando o prazo de presentación o xoves 22 de novembro de 2018, non podendo esperar ao pleno ordinario do 29 de novembro de 2018

Sométese a ratificación a urxencia resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Incorporase a concelleira do BNG Raquel Garcia Abuin.

2 COMPROMISO DE HABILITACIÓN DO CRÉDITO ORZAMENTARIO NECESARIO PARA A ACHEGA MUNICIPAL DA OBRA *REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO E AMPLIACIÓN DOS LÍMITES CUANTITATIVOS DOS GASTOS PLURIANUAIS PARA A DITA ACTUACIÓN*

O Concello de Rianxo solicitou ante o Ministerio de Fomento unha subvención para a actuación no Pazo de Martelo ao abeiro da Orde do Ministerio de Fomento do 30 de maio de 2018 pola que

se convocan axudas para financiar traballos de conservación ou enriquecemento de bens inmobles do Patrimonio Histórico Español, dentro do "Programa 1,5 % Cultural" do Ministerio de Fomento. Finalmente, o proxecto técnico cuantifica as obras nun orzamento base de licitación de 631.697,89 €.

08/11/2018 recibíuse un requirimento de emenda relativo á acreditación da dispoñibilidade de crédito, de modo que hai que presentar *"o correspondente documento contable de retención de crédito que cubra o importe total da súa porcentaxe de financiamento, ou documento análogo que cubra o dito compromiso, no caso das entidades privadas"*.

Dado que non é materialmente posible que a obra inicie a súa execución neste exercicio e tendo en conta que está en tramitación a concesión da subvención e que, no suposto de concederse, debería tramitarse o procedemento de licitación, estimouse que a execución da obra distribuírías por anualidades do seguinte xeito:

Ano	Nº meses	Gasto total	Subvención	Achega municipal	Porcentaxe de financiamento
2019	6	197.777,46	142.399,77	55.377,69	72%
2020	12	433.920,43	312.422,71	121.497,72	72%
Total	18	631.697,89	454.822,48	176.875,41	72%

Dado o elevado importe do investimento, de tramitarse como un gasto plurianual cos importes anteriores, excederías do límite para o segundo exercicio futuro (2020) do 60 por cento do nivel de vinculación xurídica do orzamento actual (33/6). Polo tanto, considérase conveniente aprobar a superación dos límites cuantitativos fixando directamente o importe dos novos límites en aplicación do artigo 84.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, unicamente para o exercicio 2020.

Aplicando os datos dos que se dispoñen actualmente os novos límites do nivel de vinculación xurídica (NVX) 33/6 serían os seguintes:

Ano	NVX	Límite de compromisos	Límite consumido	Límite dispoñible
2020	33/6	431.811,91	2.108,52	433.920,43

En vista do exposto, **PROPOÑO**

PRIMEIRO

Adoptar o compromiso de habilitar a dotación orzamentaria necesaria para a obra *Rehabilitación do Pazo do Martelo*, de acordo coa seguinte estimación das anualidades:

Anualidade	Importe total
2019	197.777,46
2020	433.920,43

Total	631.697,89
--------------	-------------------

SEGUNDO

Incrementar o límite cuantitativo do nivel de vinculación xurídica 33/6 nos seguintes termos:

Ano	NVX	Límite de compromisos	Límite consumido	Límite dispoñible
2020	33/6	431.811,91	2.108,52	433.920,43

TERCEIRO

Que pola Intervención Municipal se emita o documento contable RC de exercicios futuros polo importe previsto da achega municipal para os exercicios 2019 e 2020, condicionando a súa execución con carácter suspensivo á existencia de crédito axeitado e suficiente:

Ano	Achega municipal
2019	55.377,69
2020	121.497,72
Total	176.875,41

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.